


A transición mediática en Galicia

ENSAIO O volume de Marcos Pérez Pena estuda a transición política en Galicia desde a experiencia das principais cabeceiras do país.

Gustavo Hervella García *Texto*

A transición política, período que comprende desde a morte do ditador até o primeiro trunfo do PSOE, asentou os cimentos sobre os que se construíu a democracia actual. Deste momento cronolóxico trata o estudo —síntese da súa tese doutoral— que nos presenta Marcos Pérez Pena. A través da escolla de determinadas cabeceiras xornalísticas, analiza algúns dos temas que naquel tempo ocupaban as principais liñas informativas: a formación do goberno estatal e preautonómico, as diferentes consultas electorais, a legalización de partidos ou a descentralización do Estado. Pero non todos os xornais amosaban o mesmo interese por cada unha, establecéndose diferentes prioridades que son, precisamente, as que se analizan no estudo. No que estaban de acordo era na defensa do autogoberno fronte aos sucesivos intentos de frealo; reportaxes de *El Ideal Gallego* ou *La Voz de Galicia* e, en menor medida, *Faro de Vigo* marcan as liñas argumentais a este respecto.

Xunto aos medios están os xornalistas, auténticos protagonistas do libro. Xosé Antón Gaciño, Francisco Pillado ou Luís Álvarez Pousa son algúns dos citados, analizando o traballo desenvolvido naquel intre ao tempo que tiran de memoria para analizar aquel pasado



A prensa en Galicia na Transición

Marcos Pérez Pena

Xerais, 2016

O libro de Marcos Pérez Pena preséntanos unha transición que perdeu a oportunidade de poñer á sociedade civil no foco das actuacións políticas, unha liña de investigación que nos últimos anos veñen defendendo moitos historiadores.

con ollos actuais. A descrición das presións políticas e económicas ou a toma de partido por unha opción política determinada son profundamente analizadas; moitos destes profesionais foron un referente na loita polos dereitos do país, exemplos da forza que os medios de comunicación acadaron na década dos setenta.

O libro preséntanos unha transición que perdeu a oportunidade de poñer á sociedade civil no foco das actuacións políticas, unha liña de investigación que nos últimos anos veñen defendendo moitos historiadores —algúns deles básicos no traballo de Pérez Pena—. A análise de determinados acontecementos responde, fundamentalmente, a isto: como a presenza da cidadanía foi primordial para o seu éxito, e como foron capitalizados polas novas —ou non tan novas— elites. A través da prensa apreciamos estes matices, fundamentais para entender porque pasou o que pasou; un cambio de perspectiva nun momento como o actual, onde o politicamente correcto é idolatrar parte do pasado sen sometelo a ningunha crítica. En definitiva, un libro recomendable que nos retrotrae a uns anos convulsos onde todo estaba por facer e onde a prensa achegou algo máis que titulares.

Ir lendo polos camiños

NOVELA Un libro de libros é o último volume de Manuel Veiga, once relatos escritos como nunha realidade aumentada.


César Lorenzo Gil **Texto**

Como unha boneca rusa, *Todo ser humano é un río*, é un libro de libros; unha reunión dunha *nouvelle*, “Casa vixiada” e once relatos (máis ben cadros narrativos) cuxo punto en común é a estratexia literaria que Manuel Veiga escolle para nos mergullar no seu universo creativo.


Os escenarios da obra están delimitados ao propio espazo recoñecido polo escritor: Lemos e a montaña tótem do Penagache, na raia das Terras de Celanova. Esta é unha novela, por tanto, do experimentado, do vivido. Pero non do vivido como simple experiencia sensorial senón como dupla experiencia, a dos pés e a do cerebro; a da suor e a do recordo.

O autor non se conforma con observar, con anotar. Vai máis alá do anecdótico, vai máis alá do xornalismo, vai máis alá da literatura realista. Propón unha especie de terceira vía que supere a clásica división entre narrativa realista-costumista e narrativa cultista. Dunha maneira natural e con moito acerto, o monfortino consegue integrar, sen que renxa, esoutra vida, a que “vive” nas lecturas, nos subliñados. O resultado é, como anteriores traballos de Veiga, caso de *Os xornalistas utópicos*, unha obra de realidade aumentada, vivencia enriquecida que ten a capacidade de converter cada espazo que retrata nun espazo inmortal.

Esta técnica narrativa que poderíamos definir de “ensaio para os camiños” non só emparenta a Veiga con dous referentes consagrados (que ademais exercen unha influencia consciente sobre a literatura do galego), Sebald e Magris, senón que trae para as letras galegas un novo xeito de



Todo ser humano é un río
Manuel Veiga
Xerais, 2016



Esta técnica narrativa que poderíamos definir de “ensaio para os camiños” non só emparenta a Veiga con dous referentes consagrados, Sebald e Magris, senón que trae unha ficción con dúas funcións engadidas: aprenderlle aos lectores diversos asuntos e contextualizar a vivencia para encontrar o mutuo pulso humano entre quen escribe e quen le.

entender a ficción que está triunfando noutros lugares, unha ficción que considera insuficiente contar o que pasa senón leva aparelladas dúas funcións engadidas: por unha banda, aprenderlles aos lectores diversos asuntos, non con didáctica vertical nin como xeito de lucimento intelectual, senón da maneira case espontánea que a unha amizade lle aprendemos as cousas que imos descubrindo no día a día, con ese entusiasmo que nos devolve á primeira aprendizaxe na infancia e que devemos por compartir. E por outra, contextualizar a vivencia; partir do particular para chegar ao xeral non co ánimo de canonizar, nin tan sequera de identificar o lector co narrado, senón encontrar o mutuo pulso humano entre quen escribe e quen le.

Ler *Todo ser humano é un río* provoca ganas de ler outros títulos, diferentes mais próximos, como *A de azor*, de Helen McDonald, ou a brevísima (tamén de recente publicación en castelán) *Lampedusa*, de Maylis de Kerangal.

Beiras: a teima por comprender

ENSAIO Xosé Manuel Beiras reflexiona no seu último libro sobre a creba dos modelos tradicionais de representación política e a emerxencia dos novos.

Laura Caveiro **Texto**

Se hai algo que me fascina de Xosé Manuel Beiras, máis aínda que a súa lucidez, é o seu optimismo. O optimismo do Beiras é menos evidente que a súa lucidez, que o seu proverbial brillo intelectual, pero teño para min que é máis característico do persoero, máis determinante da súa traxectoria vital, e non falo dun optimismo vulgar, nada que ver con iso. A traxectoria pública de Xosé Manuel Beiras, como a de calquera militante ou aínda mero partidario das causas da emancipación en Galicia, está cruzada e tamén marcada por frustracións, decepcións, loitas. Angurias incluso, propias da condición humana cando non se conforma. E así e todo Xosé Manuel Beiras ten a cualidade de, nesas transos que con tan cruel obstinación nos acometen, aparcar a melancolía, mirar ao seu redor, reubicarse se for preciso, e continuar a andaina. Capaz de discernir que a representación do devir histórico como un círculo pechado que sempre nos devolve ao mesmo punto é unha falsa aparencia, e que máis ben a historia das civilizacións humanas e das súas arelas de emancipación evolúe en espiral, o lúcido optimismo do Beiras non descoñece a tristura, pero sabe non enredarse nela; non polo trunfo da vontade senón por obra da panca máis poderosa do home determinado a non ser un suxeito sufrinte: a teima por comprender a realidade.

Reparo niso cando leo as primeiras liñas do texto que abre a última recomendación de traballos do noso autor, publicada por Edicións Laiovento baixo o título “O proxecto común da nación galega”. Son unha confesión: “Ando algo entristecido por todo o que está a



O proxecto común da nación galega

Xosé Manuel Beiras

Laiovento, 2016

Dende a súa dilatada experiencia no espazo nacionalista, pero tamén dende o coñecemento do devir histórico da nación que toma conciencia de si, Beiras repasa a formulación da idea de nación nos diversos estadios nos que o corpo social pugna por conformarse como tal nación, e os diversos modelos nos que se ten pretendido artellar ese proxecto de construción nacional.

acontecer arredor de nós. Para vencer o desánimo, teimo en tentar comprenderlo”. Sabemos, pola nota a pé de páxina, que a confianza foi feita no verán de 2010, pero podería datarse calquera outro día: hoxe mesmo.

Os traballos recollidos nesta nova entrega comparten entre si a reflexión, que lles confire plena actualidade, sobre o modo organizativo do proxecto social e político que nos termos máis amplos podemos chamar o nacionalismo emancipador, entendido como un proxecto común da nación, é dicir, do común dos nacionais, e non como algo privativo das faccións sociais que se reclaman portadoras da xenuína conciencia nacional e das súas organizacións políticas. Dende a súa dilatada experiencia persoal no espazo nacionalista nos últimos sesenta anos, pero tamén dende o profundo coñecemento do devir histórico da nación que toma conciencia de si, Beiras repasa os fitos dese proceso (no que salienta un do que se cumpre o centenario: a constitución das primeiras Irmandades da Fala en 1916), a formulación da idea de nación nos diversos estadios nos que o corpo social pugna por conformarse como tal nación (a ‘nación nacida’ que se conforma como “nación querida”, nos termos de Habermas), e os diversos modelos organizativos nos que —con máis colleita de fracasos que de logros permanentes— se ten pretendido artellar ese proxecto de construción nacional. Lonxe de pechase na consideración das miserias domésticas, Beiras entronca a súa reflexión cos dilemas estratéxicos que historicamente houbo de abordar calquera proceso de liberación e, como modelo de todos



eles, o movementista socialista. Especialmente atractiva e clarificadora resulta a análise do paralelismo entre o efecto cauterizador e isolacionista que a “doutrina dos dous mundos” tivo no movementista socialista do último terzo do século XIX e o producido pola implícita adaptación desa doutrina bipolar no actual nacionalismo galego. De xeito parello a como a idea lasallián de que fronte á clase obreira tódalas demais non forman máis ca unha “masa reaccionaria” contribuíu ao aillamento da clase obreira industrial do resto do pobo traballador, neutralizando a capacidade daquela de encabezar o movementista do *dêmos* todo, o establecemento dunha liña divisoria na nación entre a base social con conciencia nacional e a base social con conciencia alienada incapacita á primeira para atraer ao conxunto da nación a un proxecto común.

Entronca con esta eiva estratéxica a defenestración do modelo frentista do primitivo BNG, que Beiras representa na imaxe dun leque ou abano despregado en círculo con radios des-

A tensión dialéctica entre liberdade e igualdade que acaprou os debates ideolóxicos no século pasado só pode resolverse na síntese da fraternidade republicana.

iguais proxectados cara ao exterior, modelo expansivo que foi sacrificado pola liña máis dogmática da formación frentista para restaurar a vella fórmula, de inspiración frente-populista, bocexada como unha serie de círculos concéntricos, na que as diferentes distancias do núcleo representan diversos niveis de integración e fiabilidade: por tanto de xerarquía entre os integrantes, cualificados de xeito diferente en función da súa proximidade ao núcleo que concentra a xenuína conciencia que, por defecto, os demais

aínda non acadaron. Na antítese están os movementos sociais de base horizontal, a organización políticas dos iguais, que entronca coa idea de irmandade tan querida á tradición galeguista e, en definitiva, coa proclama revolucionaria da fraternidade que na tríada tradicional semellaba ocupar a posición subalterna da licenza poética. É preciso rescatar á fraternidade desa posición subalterna: a tensión dialéctica entre liberdade e igualdade, que acaprou os debates ideolóxicos tanto no campo socialista como no liberal no século pasado, só pode resolverse na síntese da fraternidade republicana.

Sobre estas cuestións, de tanta actualidade pola creba dos modelos tradicionais de representación e a emerxencia dos novos movementos sociais coa súa problemática inserción no sistema político institucional, reflexiona neste libro Xosé Manuel Beiras. Sempre eficaz antídoto contra a resignación e contra a melancolía producidas pola aparición, tan verosímil, de estarmos sempre batendo coa mesma pedra.

Entre a poesía e a filosofía

POESÍA Rebeca Baceiredo debuta na poesía cun libro de voces numerosas e plurais e un esquivar a posta o ritmo e as medidas.


Manuel Forcadela Texto

Levamos demasiado tempo considerando que o principal litixio desenvolvido no seo da nosa poesía, ao longo do pasado século, foi aquel que enfrontou o denominado culturalismo co realismo social. E esta lectura da tradición, como tantas outras cousas, poida que sexa, á luz dos novos tempos, unha lectura xa obsoleta. Explicareime.

A partir dos anos cincuenta, comeza a darse en Galicia outro conflito, moito máis sutil, se acaso, e que poderíamos considerar desde a perspectiva dunha polarización entre a poesía da revelación, da ereignis, do événement, da epifanía, do acontecemento, que se culmina coa publicación en 1962 do *Nimbos* de X. M. Díaz Castro, (“porque o poema é un nimbo de luz”) e o culturalismo cunqueiriano que se erixe como primeira mostra do que se vén a denominar post-lírica.

Temos que aclarar que esta post-lírica xorde da coincidencia dunha serie de factores que enche de argumentos unha “morte da poesía” e que serían os seguintes:

En primeiro lugar, **o culturalismo**, a liña que leva desde o *The Waste Land* de T.S. Eliot ao *Con Pólvora e Magnolias* de Ferrín, con Cunqueiro polo medio, e que constata que non se pode vivir, nin pensar nin moito menos facer literatura, sen o eco constante das voces dos outros, que xa non é posible escribir sen a presenza simultánea da tradición. Algo que documentou moi ben Derrida ao explicarnos que non podemos escribir sen ler. Ou Génette cando nos dixo que, igual que o escritor é un palimpsesto, tamén o lector o é.



O canto da Sibila
Rebeca Baceiredo
Galaxia, 2016

Un síntese inclinado a considerar este volume entre aqueles destinados a facernos salientar a veciñanza da poesía coa filosofía. Pero o certo é que hai unha pulsión estética predominante que institúe o pracer lector como principal obxectivo. Deste xeito, o libro resulta un texto espido, por máis que o lectorado culto poida entrever algunhas pinceladas nos temas e nos motivos.

En segundo lugar **a quebra da oposición entre idiolecto e heteroglosia** ideada por Bakhtin para distinguirmos os xéneros da poesía e da novela, e que cede paso á constatación de que todo é heteroglosia, falar do outro, e dialoxía, isto é, escribimos, lemos e pensamos, dentro dun diálogo que é, en definitiva, o falar.

En terceiro termo, deberíamos pensar ademais en que a **crise do eu**, conduce ao Suxeito barrado laciano, ese **S** que non ten máis sentido que ser outro. (“Je est un autre”, na famosa cita de Rimbaud). Mediadores, outros, obxectos, proxectos actanciais, modelos de desexo, suxeitos definidos polo propio relato. Deconstrucións, en definitiva, de oposicións dialécticas que non se sostiñan e que agora se nos revelan como alicerces dun edificio asentado sobre a lama.

En cuarto termo, deberíamos considerar a propia **inestabilidade da poesía como xénero**, algo normal en calquera xénero literario, unha vez considerada a apertura do século XX coa declaración do “carácter vocativo da conciencia”, (a poesía como un estado de conciencia, ten dito R. Baceiredo) isto é, un xénero que, ao longo dos séculos, alternou con inclinarse para a música, para a pintura, para a filosofía, para a escultura, e, xa máis recentemente, para o audiovisual, incluíndo a mediación fundamental do teatro e non digamos do cinema. Unha inestabilidade que proviña, na miña opinión, do feito de que ao poema se erixía, fronte ao matema, constituído polo número e a súa presenza radical no real e no racional, na expresión da representación da con-

tinxencia. Fronte ao matema do real, o poema da continxencia, expresada pola(s) linguaxe(s) e o seu xogo de sentidos azarosos.

E poderíamos seguir enumerando aínda outras ideas que engaderían máis matices a este proceso de transformación ou simplemente de actualización do que é a (post) poesía no noso tempo.

Pois ben, velaí a nosa conclusión fundamental: se a post-lírica sería a inclusión da cita no discurso propio ou, mellor aínda, a construción do propio discurso como cita, cábenos aínda unha variante que sumar a esta enumeración de posibilidades: a cita como epifanía, como acontecemento. O momento en que o falar do outro se incorpora (in-corpora) ao meu propio falar como *ereignis*, como *événement*, como acontecemento, de maneira que esta incorporación, lonxe de ser banal e superflua, constitúese en radical e decisiva do meu propio suxeito barrado, atravesado sempre pola linguaxe do outro.

De maneira que volvemos aos *Nimbos* neste *Canto da Siliba*, título do primeiro libro de poemas de Rebeca Baceiredo, coñecida até agora pola súa condición de ensaísta e filósofa, autora dun xa numeroso conxunto de traballos publicados nos últimos anos. A uns nimbos transcendidos e actualizados, sen o peso excesivo que tiñan os séculos perdidos na voz de Díaz Castro.

De entrada, e máis ao ler o texto que acompaña este poemario na súa contraportada, un séntese inclinado a considerar este volume entre aqueles destinados a facernos salientar a veci-

ñanza da poesía coa filosofía. Mais, a pesar dunha certa presenza de ecos ao longo do libro (“eu, lixérsica de *kai-rós*”), o certo é que hai unha pulsión estética predominante que institúe o pracer lector como principal obxectivo, lonxe do que sería tentación máis que evidente. Deste xeito, o libro resulta un texto espido, sen os atavíos do coñecemento e da razón, por máis que, ao lonxe, o lectorado culto poida entrever algunhas pinceladas nos temas e nos motivos.

Chama a atención a pluralidade do modelo enunciativo con voces numerosas a falar, que irrompen de aquí e de alá, voces da rúa, da familia, da cultura, da lembranza, que se sobrepoñen de xeito coral, por máis que este recurso poida aparecer en ocasións como manido.

Desde o punto de vista discursivo, a linguaxe revélase como un terreo sen traballar, a posta. Non hai ritmo nin medida. Como moito versos que se achegan ao versículo. As voces plurais que exemplifican o outro semellan introducir unha arritmia no discurso do suxeito barrado, como se nese proceso desaparecese

o corpo e este fose vítima do ruído. E nisto semella radicar outra das condicións da post-lírica. E non debemos esquecer que en toda conciencia discursiva hai un corpo, un corpo con xénero, que se evidencia a través da figura do focalizador, isto é, o corpo que empresta os seus sentidos ao discurso, o que ve, o que escoita, o que toca, o que cheira, mais tamén, como é o caso, o corpo que recibe os impactos do outro. O corpo focalizador convertido en obxecto pode ser, obviamente, un recurso. Mais, como a propia autora considera, non hai aquí un suxeito que fala, senón que é unha voz que mergulla no acontecemento, a poesía como un falar sen rumbo fronte ao falar dirixido a algueres, propio da filosofía.

“Preciso que baixe ao abismo, como un nadador, unha mirada que mira”, dinos Eurípides nas *Suplicantes* na fermosa cita inicial.

A realidade nunca para de sangrar, dinos Žižek. Cada soño, cada ficción, cada lectura, é unha chaga e unha ferida. Unha enorme cicatriz, a realidade.

Fica claro. Non é a voz da curuxa de Minerva. É o canto da Sibila.



Un repaso pola nosa historia

NOVELA Un conflito amoroso guía aos lectores nesta novela que ten como fondo a romanización de Galicia e como público fundamental aos adolescentes.


Estela Recouso **Texto**

A novela Xuvenil *A boca do monte* de Celia Díaz Núñez (O Páramo-Lugo, 1961), é unha das últimas novidades de narrativa xuveni que sae da editorial Galaxia, e a terceira entrega narrativa da autora despois das premiadas *Adonia*, (2004) e *Rugando* (2012),

O novela narra a construción de Montefurado, ó que fai referencia o título, que vai servir de fío condutor da trama. E, a través dunha historia de amor ben traballada, somérxenos no contexto histórico dos primeiros anos da romanización da *Gallaecia* dun poboado castrexo, utilizando datos precisos da historia do noso país.

A novela comeza presentándonos a vida cotiá dos habitantes dun castro, de Ares (A Coruña) ata a irrupción dos romanos. No castro viven Navia e Tureno, os protagonistas que nos mostran a forma de vida da época que vai ser truncada cando os romanos chegan ao seu castro. A través destes dous personaxes coñecemos como sucedeu a romanización da súa aldea, ao tempo que vivimos a súa historia de amor adolescente. Relátanse as loitas dos indíxenas pola terra e como despois da conquista foron escravizados e postos a traballar nas construcións romanas.

Mais esta non é a única historia da novela, pois vains mostrar as dúas caras da moeda. No espazo romano sitúanse Caio Cornelio Rufo, o enxeñeiro romano que dirixe a construción da Boca do monte, e Cornelia Grata, a filla do senador Publio Cornelio Grato, que nos trasladará á antiga Roma en varias ocasións. Caio Cornelio desenvolve o seu traballo insistentemente e



A boca do monte
Celia Díaz Núñez
Galaxia, 2016



No castro viven Navia e Tureno. A través destes dous personaxes coñecemos como sucedeu a romanización da súa aldea, ao tempo que vivimos a súa historia de amor adolescente. Relátanse as loitas dos indíxenas pola terra e como despois da conquista foron escravizados e postos a traballar nas construcións romanas.

con man dura co fin de conseguir o ascenso social que lle garantizará poder casar con Cornelia. Misión para a cal as grandes perdas económicas e, sobre todo, humanas que vai ter a construción do acueduto non o pararán no empeño por rematar a obra, polas súas ansias de conseguir a aceptación do pai da amada.

Nos primeiros capítulos faise unha introdución á vida na *Gallaecia*, os capítulos centrais trasládanos a Roma e contra o final as dúas parellas conflúen mantendo certos paralelismos entre as historias de amor.

O conflito de amor das dúas parellas de adolescentes permitirá que o alumnado de bacharelato se achegue á romanización a través das inqueanzas que afectan aos dous bandos, aos habitantes da *Gallaecia* e aos romanos. Ademais, nesta novela hai un claro reforzo da identidade galega, pois remítenos á historia da nosa orixe e da nosa idiosincrasia poñendo en valor a nosa cultura. Uns conceptos son moi importantes para reforzar a idea de pobo nos máis novos.

Insólita fermosura

POESÍA Un volume sinxelo só na súa aparencia que consegue unhas coidadísimas imaxes e unha beleza glaciara.

María Xesús Nogueira Texto

En ocasións, as circunstancias que rodean a publicación dun libro xeran un ruído xordo capaz de perturbar a lectura. No caso de *Suicidas*, a fatalidade fixo cadrar a súa aparición nas librarías coa nova do falecemento do autor. Tal coincidencia podería levar a pensar que o derradeiro poemario de Francisco Cortegoso é unha sorte de testamento ou despedida. Nada máis desacertado para un libro que, por outra banda, nin sequera é o derradeiro. A nota que figura na capa posterior resulta esclarecedora ao indicar que *Suicidas* foi escrito “entre os vinte e os vintecinco anos” e *compactado* nos meses que precederon á edición. O volume, do que algúns textos foran publicados en *Revista das letras* (2008), é polo tanto moi anterior ao que até agora tiñamos por *opera prima*, *Memorial e danza* (2014).

Outro dos enganados aos que pode levar o libro deriva do título, que atopa xustificación no diálogo que, de maneira explícita ou non, a voz poética establece con algúns escritores suicidas. O seu pouso cimenta nun subsolo enriquecido por moitas outras lecturas que crean gordura nun texto espido de citas e que manexa o culturalismo co mesmo esmero que o idioma. Aínda que o suicidio e a morte, xunto co amor e a figura da nai, son motivos desenvolvidos no libro, o verdadeiro tema vertebrador é a linguaxe, a súa contaminación pola violencia, a súa lexitimidade en canto código, a súa capacidade para dicir. Tal se deduce das indicacións poéticas que, entre corchetes, serven de guía para a viaxe através das súas páxinas: “[*Non eran conscientes de como a linguaxe / os forzaba a ser violentos*]”, “[*Non se*



Suicidas
Francisco Cortegoso
Chan de Pólvara, 2016



Aínda que o suicidio e a morte, xunto co amor e a figura da nai, son motivos desenvolvidos no libro, o verdadeiro tema vertebrador é a linguaxe. Os poemas semellan ir gañando en lonxitude e grosor sen renunciaren a un discurso caracterizado polo elegante distanciamento afectivo e pola singularidade de escollas e combinatorias.

enfrentaban á cuestión esencial: / superar a linguaxe posesiva / desvelar a que acolle”].

Dentro dunha arquitectura articulada en catro seccións, os poemas semellan ir gañando lonxitude e grosor sen renunciaren a un discurso caracterizado polo elegante distanciamento afectivo e pola singularidade de escollas e combinatorias. A fórmula, sinxela só na súa aparencia, logra coidadísimas imaxes, construídas a miúdo a partir de elementos do mundo vexetal —as *cereixas*, o *trevo*, a *rosa*— ao tempo que consegue, con medida contención, unha beleza glaciara. O libro revela a súa contundencia nun final que focaliza a violencia. A popularidade que acadou o último dos versos, empregado a xeito de lema nas redes sociais, oculta talvez a radicalidade do anterior: “Damas e cabaleiros, ante vostedes a violencia deste século contida / no meu propio ser / [sobre o meu corpo adolescente esténdese o holocausto]”. Máis alá de calquera circunstancia, *Suicidas* é un poemario brillante, *acolledor* dentro do seu abismo, e dunha fermosura insólita e brutal.